

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 14 de abril de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día catorce de abril do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *Dna. María Ortega Iñarrea*, xustificando a súa ausencia.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32525.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 31 de marzo de 2023.

2.32526.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 2801 FORNELOS – ESTACAS, ENTRE O PK 0+000 E O PK 0+210”. (Expte. 2021039804)

ANTECEDENTES

1. Proxecto.

Incorporase ao expediente o proxecto con CSV: 1BYDD5JN3G0AF9MD, asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Pablo Blanco Ferreiro o 6/10/2022 e polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais o 07/10/2022.

As obras proxectadas desenvólvese no Concello de Fornelos de Montes, entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+210 da E.P. 2801, co obxectivo de mellorar as condicións de seguridade e de mobilidade para os peóns mediante a execución dunha plataforma única con prioridade peonil nun treito e dunha senda de 2,50 metros de ancho na parte final. Tamén se prevé a renovación da rede de pluviais e de alumeado público no primeiro treito, así como o soterramento das redes de telecomunicacións e electricidade na actualidade en aéreo.



O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Execución material	160.038,35 €
Presuposto base de licitación	190.445,64€
Presuposto base de licitación con IVE	230.439,22 €

2.- Aprobación municipal.

O Concello de Fornelos de Montes o 27/02/2023, entrada 2023004254, comunicou a aprobación do convenio obxecto deste informe- proposta pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 23 de febreiro de 2023.

3.- Informe de supervisión e autorizacións sectoriais.

O proxecto foi supervisado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos dos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais Eduardo Artime Rial o 13/03/2023.

Así mesmo constan no expediente:

- a autorización de Augas de Galicia de 3/11/2021
- autorización do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia do 20/12/2022, entrada 2022028210,
- solicitude de 9/03/2023 de renovación da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)

CONSIDERACIÓNS

Previa

Este informe - proposta substitúe ao emitido en data xa informado pola Secretaría e Intervención Xerais e que non foi sometido á consideración da Xunta de Goberno por ser necesario adaptar o proxecto inicial ás condicións establecidas polo Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, como consecuencia do cal se modificou o proxecto inicial reducíndose o importe do investimento en 8.351,29 euros.

1ª Normativa aplicable.

Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.



No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

A distribución do financiamento conforme á cláusula terceira é a seguinte:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	184.351,38 €	80
Concello de Fornelos de Montes	46.087,84 €	20
TOTAL INVESTIMENTO	230.439,22 €	100

No expediente consta o informe do director de Infraestruturas e Vías Provinciais de 13/03/2023 xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras conforme ao Decálogo de Criterios de Actuación nas Vías Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación en sesión de 25 de setembro de 2020 que actualiza os importes recollidos no informe de 29/10/2021 do xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas, por ausencia deste.



As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo *Concello de Fornelos de Montes*:

	ACHEGA	%
Concello de Fornelos de Montes	1.925,20 €	100
TOTAL INVESTIMENTO	1.925,20 €	100

A Deputación Provincial de Pontevedra financia o 80 % das obras con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02.2021. Emitido documento RC nº 20230000685, por importe de 191.032,41 €, a como consecuencia da adaptación do proxecto a achega da Deputación é de 184.351,38 €.

A achega do Concello é de 48.013,04 € (46.087,84 € con destino ás obras (20%) + 1.925,20 € (100%) para as expropiacións). Finansiase con fondos propios municipais.

4. A Xunta de Goberno Local do Concello de Fornelos de Montes, na sesión do 23 de febreiro de 2023, aprobou o convenio obxecto desta proposta A Deputación financiará a súa achega (€) con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02/2021 do orzamento provincial do ano 2023.

O importe da achega do Concello finansiase con fondos propios e deberáselle ingresar á Deputación á formalización do convenio antes de iniciarse o expediente de contratación das obras.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impoñan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LBRLE establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.



Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, atendese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

1. A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nun vial provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
2. O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da L LRJSP
3. O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación.

Logo do informe da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Fornelos de Montes* co seguinte contido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P.2801 FORNELOS- ESTACAS, ENTRE O P.Q. 0+000 E O P.Q. 0+210”.

INTERVEÑEN

María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Emiliano Lage Rodríguez, alcalde do Concello de Fornelos de Montes, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto.



Ambas partes reconécese con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

V.- A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 2801 Fornelos - Estacas, que transcorre polo Concello de Fornelos de Montes e que ten unha lonxitude de 4.024 m.

VI.- A E.P. 2801 que conecta Fornelos con Estacas é de dobre sentido de circulación e de sección variable. O treito comprendido entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+210 atópase na saída do núcleo urbano do concello de Fornelos de Montes estando os seus primeiros metros urbanizado con beirarrúas con un ancho insuficiente. A maiores a altura do P.Q. 0+150 existe unha curva moi pechada onde se atopan na súa marxe esquerda un lavadoiro e un edificio empregado como praza de abastos, de difícil acceso na actualidade debido a inexistencia de ancho suficiente para o tránsito peonil. A maiores, dita estrada presenta unha elevada IMD debido a que conecta varios núcleos de poboación co centro do pobo, o que dificulta a mellora da seguranza na zona. Debido a situación actual do treito existente entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+210, a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de "Mellora da mobilidade peonil na E.P.2801 Fornelos- Estacas, entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+210" para dotar a zona de prioridade peonil segura.



O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Fornelos de Montes, e concretamente entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+210 da E.P. 2801, sendo o obxecto principal do proxecto a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns. Para acadar tal fin o proxecto consiste nunha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé nos colectivos máis vulnerables.

As actuacións propostas teñen por finalidade facilitar a prioridade peonil polo que se proxecta incrementar o espazo ocupado polas beirarrúas, e crear zonas de convivencia na zona consolidada que se atopa con edificacións a ambas marxes.

Tendo en conta as características actuais do ámbito das obras descritas o inicio da actuación, no treito comprendido entre P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+050 deseñase unha plataforma única con un deseño que se adapta o entorno. No resto do treito dispórase na marxe dereita dunha senda peonil de 2,50 metros de largo.

A maiores, o proxecto contempla a expropiación de terreos na zona onde se proxecta a senda e polo tanto deberán executarse os muros para a contención de terras e reconstrución dos muros tradicionais existentes. Tamén se construírá unha nova rede de pluviais para a recollida das augas en días de choiva, e levarase a cabo o soterramento das canalizacións aéreas de electricidade e alumeado existentes na actualidade en aéreo.

VII. O Pleno da Corporación Provincial en sesión de 25 de setembro de 2020 acordou modificar o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Vías Provinciais de 29 de xaneiro de 2016 establecendo que as sendas peonís e/ou peonís e/ou ciclables serán cofinanciadas ó 80% pola Deputación e ó 20% por cada concello e que os criterios de cofinanciación poderán ser reformulados no correspondente convenio de colaboración, no caso de que a actuación obteña fondos europeos ou de natureza análoga, mantendo as proporcións, sempre que sexa posible en función das esixencias dos fondos.

Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Fornelos de Montes para a execución do proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na E.P.2801 Fornelos-Estacas, entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+210”.

O proxecto establece a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns mediante a execución dunha plataforma única con prioridade peonil nun treito e unha senda de 2,50 metros de largo na parte final. A maiores, o proxecto contempla a renovación da rede de pluviais en todo o treito, o soterramento da rede de alumeado público e da rede de electricidade existentes na zona de plataforma única na actualidade en aéreo.

Segunda.- Importe do convenio.

O importe das obras ascende a cento noventa mil catrocentos corenta e cinco euros con sesenta e catro céntimos (190.445,64€), máis trinta e nove mil novecentos noventa e tres euros con cincuenta e oito céntimos (39.993,58 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de douscentos trinta mil catrocentos trinta e nove euros con vinte e dous céntimos (230.439,22 €).



Terceira.- Financiamento.

Os investimentos necesarios para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e polo Concello de Fornelos de Montes mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

<i>Organismo</i>	<i>Achega</i>	<i>%</i>
<i>Deputación de Pontevedra</i>	<i>184.351,38 €</i>	<i>80</i>
<i>Concello de Fornelos de Montes</i>	<i>46.087,84 €</i>	<i>20</i>
<i>TOTAL OBRA</i>	<i>230.439,22 €</i>	<i>100</i>

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Fornelos de Montes:

<i>Organismo</i>	<i>Achega</i>	<i>%</i>
<i>Concello de Fornelos de Montes</i>	<i>1.925,20 €</i>	<i>100</i>
<i>TOTAL EXPROPLACIÓN</i>	<i>1.925,20 €</i>	<i>100</i>

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02/ 2021 do vixente Orzamento Provincial do ano 2023.

A achega do Concello de Fornelos de Montes será de 48.013,04 € (20% do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

O importe da achega do Concello financíase con fondos propios e deberáselle ingresar á Deputación á formalización do convenio antes de iniciarse o expediente de contratación .

Antes de aprobar o expediente de contratación correspondente por parte da Deputación de Pontevedra, deberá acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, ou os retranqueos de servizos necesarios, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

No caso de que se obteñan fondos europeos ou de natureza análoga para o financiamento das obras obxecto deste convenio, sempre que sexa posible en función das esixencias dos fondos, reduciranse os importes das achegas correspondentes ao Concello e a Deputación ata o importe non financiado polos fondos europeos ou outros de natureza análoga e mantendo as porcentaxes do 80 e 20 % conforme se recolle no Decálogo de Criterios de Actuacións en Vías Provinciais aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión de 25 de setembro de 2020.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.



Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Fornelos de Montes obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- 2) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma dos servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, canalizacións, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.
- 3) Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fai referencia o apartado 2 anterior.
- 4) Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e Real Decreto 66/2016, tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:
- EP-2802 Acceso a Calvos
- 5) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra e, no seu caso, con cargo a fondos europeos ou a outros de natureza análoga.
- 6) Abonar o importe das expropiacións derivadas do presente convenio, incluídos os posibles incrementos de custo que se produzan nas mesmas durante a tramitación do expediente expropiatorio.
- 7) Autoriza á Deputación para a reformulación do financiamento das obras obxecto deste convenio reducindo os importes das achegas correspondentes ao Concello e a Deputación conforme se establece no derradeiro parágrafo da cláusula terceira.

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

- 1) Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “Mellora da mobilidade peonil na E.P.2801 Fornelos- Estacas, entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+210”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.
- 2) A tramitación e xestión do expediente de expropiación para obter os terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto.
- 3) Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 2) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.
- 4) Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.
- 5) Comunicarlle ao Concello a concesión doutras axudas para o financiamento das obras.

Sétima.- Compensación de débedas.

O Concello de Fornelos de Montes faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.



Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, proponer ás partes a resolución das mesmas.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2024.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes.

En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Décima.- Resolución.

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- Lei bases de réxime local, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023.*
- E demais normativa de obrigado cumprimento*

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra,
María del Carmen Silva Rego,
O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,
Carlos Cuadrado Romay*

*Polo Concello de Fornelos de Montes,
Emiliano Lage Rodríguez,*



Segundo.- Facultar á presidenta para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

3.32527.- APROBACIÓN DA SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TOMIÑO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO CAMIÑO ESCOLAR NA E.P. 3102 AO CEP. PEDRO CASELLES DENDE O PK. 0+000 ATA O PK. 0+400” (TOMIÑO). (Expte. 2021004544)

Antecedentes.

1. O 27 de xullo de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tomiño formalizaron un convenio establecendo as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “*Mellora de mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400*”, por importe de 286.235,07 € e con vixencia, conforme á súa cláusula novena, ata o 31 de decembro de 2022.

A distribución do financiamento é a seguinte:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	200.364,55 €	70
Concello de Tomiño	85.870,52 €	30

A Deputación de Pontevedra financiou a súa achega con cargo á aplicación 21/456.4530.612.02 O Concello de Tomiño financiou a súa achega con fondos propios.

2. A Deputación de Pontevedra solicitou o 8 de novembro de 2021 ao Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía (IDAE) unha axuda para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE núm. 185, de 4 de agosto de 2021).

III.- O Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) notificoulle á Deputación de Pontevedra, en data 21/03/2023, a Resolución de concesión dunha axuda por importe de 239.444,46 no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE núm. 185, de 4 de agosto de 2021).

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

2ª A addenda ten por obxecto a reformulación do financiamento da axuda concedida polo IDAE, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000). Cumpre os requisitos esixidos no artigo 49 de Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Tendo en conta todo o que antecede, logo do informes da Secretaría e da Intervención Xerais, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar a *SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TOMIÑO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO CAMIÑO ESCOLAR NA E.P. 3102 AO CEP. PEDRO CASELLES DENDE O PQ. 0+000 ATA O PQ. 0+400”*

INTERVENEN

Dunha parte, María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, Sandra González Álvarez, alcaldesa do Concello de Tomiño no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

EXPOÑEN

I.- O 27 de xullo de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tomiño formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400” (Tomiño)”, con vixencia ata o 31 de decembro de 2022. O 05 de decembro de 2022 formalizouse a primeira addenda ao convenio estendéndose a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023.



Conforme o convenio formalizado, a contribución económica do Concello de Tomiño ás obras, con fondos propios, é de 85.870,52€ (30% do importe das obras).

II.- A Deputación de Pontevedra solicitoulle, o 8 de novembro de 2021, ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) unha axuda para as actuacións obxecto do convenio Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400 (Tomiño), ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROPGRAMA DUS 5000) no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE núm. 185, de 4 de agosto de 2021).

III.- O Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) notificoulle á Deputación de Pontevedra, en data 21/03/2023, a Resolución de concesión dunha axuda por importe de 239.444,46 no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE núm. 185, de 4 de agosto de 2021).

IV.- Conforme ao Decálogo de criterios de actuación nas vías provinciais aprobado polo Pleno da Deputación (acordos de 29 de xaneiro de 2016 e 25 de setembro de 2020) as “actuacións de urbanización de vías provinciais serán cofinanciadas ó 70 % pola Deputación e ó 30 % por cada concello.../ Os criterios de cofinanciación poderán ser reformulados no correspondente convenio de colaboración, no caso de que a actuación obteña fondos europeos ou de natureza análoga, mantendo as proporcións, sempre que sexa posible en función das esixencias dos fondos.”

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de reformular o financiamento das obras previstas no Convenio e,

PACTAN

PRIMEIRO.- Modificar o financiamento previsto no Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Tomiño para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400” (Tomiño), quedando redactada a cláusula terceira de dito convenio do seguinte xeito:

“Os investimentos necesarios para a realización das mencionadas obras serán financiados con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02 do Orzamento Provincial na que se xerará crédito polo importe da axuda outorgada polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE).

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio tales como: os gastos de redacción de proxecto, contratos de servizos accesorios para a dirección, control e seguimento da execución das obras, serán financiados pola Deputación Provincial.

Conforme á Proposta de Resolución Provisional notificada polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) o 18 de xaneiro de 2023 e aos criterios de actuación nas vías provinciais aprobados polo Pleno da Deputación, en sesión de 25 de setembro de 2020, a distribución do financiamento é a seguinte:

Organismo	Achega	Porcentaxe (%)
Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE)	239.444,46 €	83,65%
Deputación de Pontevedra	32.753,42 €	11,44 %
Concello de Tomiño	14.037,18 €	4,91 %
Total investimento	286.235,07 €	100 %



A Deputación financia a súa achega con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02 do Orzamento Provincial. O importe achegado no seu día polo Concello de Tomiño procedente de fondos propios e non utilizado na financiación deste proxecto (71.833.34 €) debido á subvención do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, reintegráraselle ao Concello.

De reaxustarse o importe da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, manteranse os coeficientes de financiamento da Deputación de Pontevedra e do Concello de Tomiño.

Asemade no caso de cumprirse as condicións establecidas no Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE)

2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, esta revisión excepcional, de habela, será financiada cos mesmos coeficientes de financiamento.

SEGUNDO. - As partes comprométese a realizar os axustes orzamentarios necesarios para manter os compromisos económicos establecidos no convenio en relación ao novo financiamento e período de vixencia imputados actualmente ás aplicacións orzamentarias.

Unha vez aprobada a presente Addenda levaranse a cabo as oportunas modificacións de crédito para axustar o novo financiamento do Convenio.

TERCEIRO.- Aínda que a obra se presupón finalizada para principios do ano 2023, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía, que neste caso concreto son trinta e seis meses. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio .

En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 27 de xullo de 2021, modificado por Addenda de 05 de decembro de 2022, mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.

CUARTO.- A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda e a un só efecto.

*A presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra,
María del Carmen Silva Rego*

*A alcaldesa do Concello de Tomiño,
Sandra González Álvarez*

*O secretario xeral da Deputación
Carlos Cuadrado Romay”*

2º.- Facultar á presidenta para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura

3º.- Notificarlle o presente acordo ao Concello de Tomiño, comunicarllo á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.



4.32528.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CRECENTE NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2023) LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN EN SOUTOMAIOR (FREIXO), CAMPOVERDE, BOAVISTA E PAZO (ALBEOS), CARBALLAS (FILGUEIRA), REGUENGO (REBORDECHAN), AMEIXEIRA E OUTEIRO E FRAMILO (VILAR)”. (Expte.2023005892)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como



consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).

- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.
- En data 30/01/2023 por rexistro WEB2023004415, rectificado en data 07/03/2023 co rexistro WEB2023014903, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, petición do *Concello de Crecente* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 144.302,35 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Pavimentación en Soutomaior (Freixo), Campoverde, Boavista e Pazó (Albeos), Carballas (Filgueira), Reguengo (Rebordechan), Ameixeira e Outeiro e Framilo (Vilar)*”, cun orzamento que importa 144.302,35 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención a cargo do Plan Concellos	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
TOTAL	144.302,35	144.302,35	0,00	0,00

O orzamento contempla 139.609,59 euros de execución de obra e honorarios de redacción de proxecto por importe de 4.692,76euros, IVE engadido.

- Consta no expediente certificado relativo á titularidade do ben sobre o que se pretende actuar, así coma o informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial, aportando aos efectos as resolucións das preceptivas autorizacións sectoriais.
- En data posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 07/03/2023.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª-7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

CONCLUSIÓNS

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 07/03/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 03/04/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 04/04/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Crecente* CIF P3601400I a cantidade de 144.302,35 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Pavimentación en Soutomaior (Freixo), Campoverde, Boavista e Pazo (Albeos), Carballas (Filgueira), Reguengo (Rebordechan), Ameixeira e Outeiro e Framilo (Vilar)*”, (Expte.202205892) cun orzamento polo mesmo importe.
A concesión contempla 4.692,76 euros de honorarios de redacción de proxecto, IVE engadido.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.



- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o *concello de Crecente* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Crecente*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia

5.32529.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE POIO NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN CONCELLOS PARA A AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDITORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS 2023, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E LÚDICAS POIO 2023” (Expte.2023006348)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 28 de outubro de 2022, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 208 do 31 de outubro de 2022. As axudas reguladas nas bases poderán ser solicitadas polos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida ao censo do exercicio 2021.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.



- Este Plan de carácter anual aprobado baixo o procedemento de concorrencia non competitiva, está dotado para o programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (líña 3) con 9.500.000,00 euros con cargo a partida 23/942.9425.462.03 e para a liña 2, na que se engloba a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais etc., 3.000.000,00 euros que serán con cargo ás partidas 23/942.9425.762.46, 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 dependendo de cal sexa a tipoloxía do gasto. Ademais, dótanse as aplicacións 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 con 1.000.000,00 de euros adicionais que se repartirán exclusivamente entre os concellos que non superen os 20.000 habitantes.
- Mediante Resolución Presidencial aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial. No caso de non terse producido o pagamento das débedas correspondente, a Deputación de oficio procedera a detraer o importe da débeda do crédito do 2023.
- De acordo coa base reguladora 1ª do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2), a Liña 2 está destinada a amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.
- Ante a repercusión que está tendo a incerteza ocasionada pola guerra de Ucraína nas tesourerías municipais, as bases contemplan a posibilidade que de os concellos que o desexen destinen ata o 30% da cantidade asignada na liña 1 (investimentos) para o 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (líña 2)
- En data 31/01/2023, con rexistro núm.WEB2023004891, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc. (líña 2), petición do *Concello de Poio* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención con destino ao financiamento de “*Actividades culturais, deportivas e lúdicas Poio 2023*” (Expte.2023006348).



- En data 01/03/2023, con rexistro núm.WEB2023013596, a entidade municipal tras detectar un erro na memoria presentada anteriormente remite o orzamento correcto, quedando a súa petición da seguinte maneira:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	103.878,25 €	98.520,31 €	5.357,94 €

- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2023 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
II Volta a nado Illa de Tambo	5.445,00 €	5.445,00 €
Verán deportivo	6.534,00 €	4.555,00 €
Primavera en Poio	66.550,00 €	66.313,60 €
Reis Magos 2023	25.349,25 €	22.206,71 €
TOTAL	103.878,25 €	98.520,31 €

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos e achega a documentación requirida.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2) relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Disposicións específicas do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc. (liña 2) 2023, nas que se recolle o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables, así como o prazo e lugar de presentación de solicitudes.



- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que, na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.
- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 07/03/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/04/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Poio*, CIF:P3604100B, a cantidade de 98.520,31 euros, para a realización da actuación “*Actividades culturais, deportivas e lúdicas Poio 2023*” (Expte.2023006348), cun orzamento por importe de 103.878,25 euros.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), aprobadas por acordo núm.5.7876 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 28/10/2022 e publicadas no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base 6ª do capítulo III das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Poio*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



6.32530.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE RIBADUMILA NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN CONCELLOS PARA A AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS 2023, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “GASTO CORRENTE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E PRESTACIÓN DE SERVICIOS MUNICIPAIS” (Expte.2023006451)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 28 de outubro de 2022, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 208 do 31 de outubro de 2022. As axudas reguladas nas bases poderán ser solicitadas polos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida ao censo do exercicio 2021.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- Este Plan de carácter anual aprobado baixo o procedemento de concorrencia non competitiva, está dotado para o programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (liña 3) con 9.500.000,00 euros con cargo a partida 23/942.9425.462.03 e para a liña 2, na que se engloba a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais etc., 3.000.000,00 euros que serán con cargo ás partidas 23/942.9425.762.46, 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 dependendo de cal sexa a tipoloxía do gasto. Ademais, dótanse as aplicacións 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 con 1.000.000,00 de euros adicionais que se repartirán exclusivamente entre os concellos que non superen os 20.000 habitantes.
- Mediante Resolución Presidencial aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial. No caso de non terse producido o pagamento das débedas correspondente, a Deputación de oficio procedera a detraer o importe da débeda do crédito do 2023.
- De acordo coa base reguladora 1ª do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), a Liña 2 está destinada a amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.



- Ante a repercusión que está tendo a incerteza ocasionada pola guerra de Ucraína nas tesourerías municipais, as bases contemplan a posibilidade que de os concellos que o desexen destinen ata o 30% da cantidade asignada na liña 1 (investimentos) para o 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (liña 2)
- En data 2023006451, con rexistro núm.WEB2023004932, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc. (liña 2), petición do *Concello de Ribadumia* na que solicita unha subvención por importe de 146.938,14 euros, con destino ao financiamento de “*Gasto corrente realización de actividades e prestación de servizos municipais*” (Expte.2023006451), cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	166.938,14 €	146.938,14 €	0,00 €

- Para o financiamento da actuación descrita no parágrafo anterior, a entidade municipal solicita que parte da cantidade asignada a liña 1-investimentos correspondente a anualidade 2023 do Plan Concellos, en concreto 100.000,00 euros, se traspasen a liña 2 correspondente a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.
- En datas posteriores, a entidade municipal subsana as deficiencias detectadas na memoria.
- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2023 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Tratamento de residuos urbanos	120.000,00 €	100.000,00 €
XLIX Festa do viño tinto do Salnés 2023	14.438,14 €	14.438,14 €
Programación auditorio municipal de Santa Baia de Ribadumia para o ano 2023	5.000,00 €	5.000,00 €
Baixa río Umia Concello de Ribadumia 2023	5.500,00 €	5.500,00 €
Arousa fútbol 7 (AF7) 2023	5.500,00 €	5.500,00 €
Copa Ribadumia 2023	5.500,00 €	5.500,00 €
II ciclocross Concello Ribadumia 2023	5.500,00 €	5.500,00 €
III rallymix Concello de Ribadumia 2023	5.500,00 €	5.500,00 €
TOTAL	166.938,14 €	146.938,14 €



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos e achega a documentación requirida.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base Reguladora 13^a das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2) relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Disposicións específicas do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc (líña 2) 2023, nas que se recolle o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables, así como o prazo e lugar de presentación de solicitudes.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que, na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.
- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Líña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 16/03/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 05/04/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Ribadumia*, CIF:P3604600A, a cantidade de 146.938,14 euros, para a realización da actuación “*Gasto corrente realización de actividades e prestación de servizos municipais*” (Expte.:2023006451), cun orzamento por importe de 166.938,14 euros.



- Autorizar e comprometer o gasto nas aplicacións 2023/942.9425.462.00 e 2023/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (líña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2) , aprobadas por acordo núm.5.7876 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 28/10/2022 e publicadas no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base 6ª do capítulo III das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Ribadumia*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.32531.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TOMIÑO NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA CONTORNA DA SUBIDA, ESTATUA E IGREXA DA PEREGRINA EN ESTÁS”. (Expte.2023006596)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.00,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).



Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 01/02/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Tomiño na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 395.449,50 euros, con destino ao financiamento “*Mellora da contorna da Subida, Estatua e Igrexa da Peregrina en Estás*”, cun orzamento por importe de 395.449,50 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas Doutras Administracións €	Fondos Propios €
2023	395.449,50	395.449,50	0,00	0,00
TOTAL	395.449,50	395.449,50	0,00	0,00



O orzamento contempla os honorarios de redacción do proxecto e honorarios de dirección por importe total de 20.449,50 euros.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial de Patrimonio. O concello achega a solicitude de autorización á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en material de Patrimonio Cultural.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no relativo á aprobación do documento técnico e acta de trazado previo (anexo III) por estar pendente, no momento de presentación da solicitude de subvención, a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en material de Patrimonio Cultural, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 15/03/2023.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA: NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais



e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 15/03/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 15/03/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención Provincial, de data 10/04/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Tomiño* CIF P3605400E, no marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 – investimentos (anualidade 2023), a cantidade de 395.449,50 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora da contorna da Subida, Estatua e Igrexa da Peregrina en Estás*” (Expediente:2023006596) cun orzamento polo importe de 395.449,50 euros, distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2023	395.449,50	395.449,50	0,00	0,00
TOTAL	395.449,50	395.449,50	0,00	0,00

O orzamento contempla os honorarios de redacción do proxecto e honorarios de dirección por importe total de 20.449,50 euros.

- A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención da autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en material de Patrimonio Cultural, así como, á súa presentación xunto co acordo de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (anexo III), sendo imprescindible que os remita á Deputación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Tomiño deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Tomiño, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



8.32532.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TOMIÑO NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL E CICLABLE ENTRE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS NA RÚA REPÚBLICA ARXENTINA ENTRE A GLORIETA DO SEIXO E A POLICÍA LOCAL”. (Expte. 2023006597)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.00,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización



de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 01/02/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Tomiño* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 127.616,64 euros, con destino ao financiamento “*Mellora da mobilidade peonil e ciclable entre equipamentos públicos na rúa República Arxentina entre a glorietta do Seixo e a policía local*”, cun orzamento por importe de 165.378,21 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOÜTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2023	165.378,21	127.616,64	0,00	37.761,57
TOTAL	165.378,21	127.616,64	0,00	37.761,57

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 07/03/2023.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
-

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 07/03/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 09/03/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/04/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Tomiño* CIF P3605400E, no marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 – investimentos (anualidade 2023), a cantidade de 127.616,64 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora da mobilidade peonil e ciclable entre equipamentos públicos na rúa República Arxentina entre a glorieta do Seixo e a policía local*” (Expte.2023006597) cun orzamento polo importe de 165.378,21 euros, distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2023	165.378,21	127.616,64	0,00	37.761,57
TOTAL	165.378,21	127.616,64	0,00	37.761,57

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución das obras ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Tomiño deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tomiño*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.32533.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VALGA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN DOS SERVIZOS URBANOS NA ESTRADA NACIONAL N-550 (AVENIDA DA CORUÑA) ENTRE OS P.I. 86+500 E O P.K. 87+100. MARXE DEREITO NO CONCELLO DE VALGA”. (Expte.2023006147)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.



O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 31/01/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Valga* (emendada en data 01/02/2023), na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 93.017,52 euros, con destino ao financiamento “*Renovación dos servizos urbanos na estrada nacional N-550 (avenida da Coruña) entre os P.I. 86+500 e o P.K. 87+100. marxe dereito no Concello de Valga*”, cun orzamento por importe de 464.248,50 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2023	464.248,50	93.017,52	371.230,98	0,00
TOTAL	464.248,50	93.017,52	371.230,98	0,00

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana. O Concello achega dita autorización.



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 10/03/2023.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA: NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS: INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de



concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 10/03/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 13/03/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención Provincial, de data 04/04/2023 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Valga* CIF P3605600J, no marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 – investimentos (anualidade 2023), a cantidade de 93.017,52 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Renovación dos servizos urbanos na estrada nacional N-550 (avenida da Coruña) entre os P.I. 86+500 e o P.K. 87+100. marxe dereito no Concello de Valga*” (Expediente:2023006147) cun orzamento polo importe de 464.248,50 euros, distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2023	464.248,50	93.017,52	371.230,98	0,00
TOTAL	464.248,50	93.017,52	371.230,98	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución das obras ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.



- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o *Concello de Valga* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Valga*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.32534.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA A CREACIÓN, MANTEMENTO E REFORZO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DIRIXIDAS AOS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2023. (Expte. 2023001150)

A Deputación de Pontevedra na Xunta de Goberno de 24 de xaneiro de 2023 aproba as bases de subvencións para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2023, e fiscalizadas as correspondentes solicitudes pola area de Intervención e co seu informe favorable sobre existencia de consignación, por un importe de 124.853,34 €, con cargo á aplicación 23/334.3340.462.04 do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a proposta de concesión de subvencións ás 5 solicitudes-que figuran co CSV: 7HQMJ04V0EQMRUDR.

11.32535.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE OFICINAS DE TURISMO “INFO RÍAS BAIXAS” CORRESPONDENTES AO ANO 2023. (Expte. 2022071289)

I. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 13 de xaneiro de 2023 acordou aprobar as bases reguladoras das subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o financiamento dos custos da prestación de servizos de información e atención ao público en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo “Info Rías Baixas” correspondentes ao ano 2023.



As bases reguladoras das subvencións e o extracto das mesmas foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 15 de 23 de xaneiro de 2023 e no portal da Base de Datos Nacional de Subvencións.

O prazo de presentación de solicitudes foi dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). En consecuencia, o prazo de presentación de solicitudes comezou o 24 de xaneiro de 2023 e rematou o 23 de febreiro de 2023.

Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, presentáronse as seguintes:

Nº	Código do rexistro	Data de rexistro	NIF	SOLICITANTE
1	WEB2023004706	31/01/2023	P3604500C	CONCELLO DE REDONDELA
2	WEB2023004738	31/01/2023	P3601000G	CONCELLO DE CATOIRA
3	WEB2023005366	01/02/2023	P3602300J	CONCELLO DE A GUARDA
4	WEB2023006473	06/02/2023	P3605200I	CONCELLO DE SILLEDA
5	WEB2023006561	06/02/2023	P3605500B	CONCELLO DE TUI
6	WEB2023007384	09/02/2023	P3600021D	ORGANISMO AUTONOMO TERRA DE SANXENXO
7	WEB2023007665	10/02/2023	P3603600B	CONCELLO DE OIA
10	WEB2023008302	14/02/2023	P3601700B	CONCELLO DA ESTRADA
9	WEB2023008332	14/02/2023	P3602700A	CONCELLO DE MEAÑO
8	WEB2023008378	14/02/2023	P3605000C	CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO
11	WEB2023009061	16/02/2023	P3604800G	CONCELLO DO ROSAL
12	WEB2023009276	17/02/2023	P3600600E	CONCELLO DE CAMBADOS
13	WEB2023009370	17/02/2023	P3602600C	CONCELLO DE MARÍN
14	WEB2023010028	20/02/2023	P3600800A	CONCELLO DE CANGAS
15	WEB2023010118	20/02/2023	P3603100C	CONCELLO MONDARIZ BALNEARIO
16	WEB2023010156	20/02/2023	P3606000B	CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA
17	WEB2023010307	21/02/2023	P3603400G	CONCELLO DAS NEVES
18	WEB2023010424	21/02/2023	P3604100B	CONCELLO DE POIO
19	WEB2023010471	21/02/2023	P3602900G	CONCELLO DE MOAÑA
20	WEB2023010487	21/02/2023	P3600500G	CONCELLO DE CALDAS DE REIS
21	WEB2023010501	21/02/2023	P3600400J	CONCELLO DE BUEU
22	WEB2023010643	22/02/2023	P3603500D	CONCELLO DE NIGRAN
23	WEB2023010700	22/02/2023	P8600004I	CONCELLO DA ILLA DE AROUSA
24	WEB2023010788	22/02/2023	P3601500F	CONCELLO DE CUNTIS
25	WEB2023010817	22/02/2023	P3604200J	CONCELLO DE PONTEAREAS
28	WEB2023011003	23/02/2023	P3602000F	CONCELLO DE AGOLADA
26	WEB2023011006	23/02/2023	P3602200B	CONCELLO DO GROVE
27	WEB2023011010	23/02/2023	P3600300B	CONCELLO DE BAIONA
29	WEB2023011137	23/02/2023	P3604600A	CONCELLO DE RIBADUMIA



- O 27 de marzo de 2023 o órgano instrutor emite informe sobre o procedemento.
O 29 de marzo de 2023 o Servizo de Fiscalización emite informe sobre o procedemento.
O 29 de marzo de 2023 a comisión de valoración emite informe de avaliación das solicitudes

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.
- Bases reguladoras das subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o financiamento dos custos da prestación de servizos de información e atención ao público en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo “Info Rías Baixas” correspondentes ao ano 2023, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 15 de 23 de xaneiro de 2023.

2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

Constan no expediente o informe do órgano instrutor do expediente sobre a valoración das solicitudes, informe favorable de Intervención sobre a mesma e informe da comisión de valoración.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a concesión das subvencións e desestimación das solicitudes é a Xunta de Goberno, conforme ao establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais en concordancia coa base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2023.



III. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Estimar as seguintes solicitudes, dispoñer o gasto e conceder a subvención co importe referido a continuación:

Nif	Solicitante	Orzamento	Importe solicitude	Valoración (puntos)	Importe asignado subvención	Porcentaxe subvención sobre o orzamento
P3606000B	CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA	59.200,00 €	14.000,00 €	86	14.000,00 €	23,65%
P3600600E	CONCELLO DE CAMBADOS	18.029,00 €	13.521,75 €	84	13.521,75 €	75,00%
P3600300B	CONCELLO DE BAIONA	18.113,70 €	14.000,00 €	82	13.585,28 €	75,00%
P3605500B	CONCELLO DE TUI	64.086,00 €	14.000,00 €	82	14.000,00 €	21,85%
P3603500D	CONCELLO DE NIGRAN	20.000,00 €	20.000,00 €	76	14.000,00 €	70,00%
P3600021D	O.A. TERRA DE SANXENXO	23.636,52 €	14.000,00 €	76	14.000,00 €	59,23%
P3602200B	CONCELLO DO GROVE	18.500,00 €	14.000,00 €	72	13.875,00 €	75,00%
P3604100B	CONCELLO DE POIO	8.954,00 €	6.715,00 €	72	6.715,00 €	74,99%
P3602300J	CONCELLO DA GUARDA	22.000,00 €	14.000,00 €	70	14.000,00 €	63,64%
P3604200J	CONCELLO DE PONTEAREAS	8.439,75 €	6.329,81 €	60	6.329,81 €	75,00%
P3601500F	CONCELLO DE CUNTIS	9.380,68 €	7.000,00 €	58	7.000,00 €	74,62%
P3600800A	CONCELLO DE CANGAS	25.000,00 €	14.000,00 €	58	14.000,00 €	56,00%
P3603100C	CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO	10.073,70 €	746,11 €	54	746,11 €	7,41%
P3605200I	CONCELLO DE SILLEDA	9.334,00 €	7.000,50 €	48	7.000,00 €	74,99%
P3600500G	CONCELLO DE CALDAS DE REIS	10.000,00 €	7.000,00 €	44	7.000,00 €	70,00%
P3601700B	CONCELLO DA ESTRADA	10.000,00 €	7.000,00 €	38	7.000,00 €	70,00%
P3601000G	CONCELLO DE CATOIRA	8.321,70 €	6.241,27 €	36	6.241,27 €	75,00%
P3603400G	CONCELLO DAS NEVES	9.801,00 €	7.000,00 €	34	7.000,00 €	71,42%



P8600004I	CONCELLO DA ILLA DE AROUSA	9.333,33 €	7.000,00 €	34	7.000,00 €	75,00%
P3604500C	CONCELLO DE REDONDELA	6.900,00 €	6.900,00 €	28	5.175,00 €	75,00%
P3603600B	CONCELLO DE OIA	9.333,33 €	7.000,00 €	22	7.000,00 €	75,00%
P3604600A	CONCELLO DE RIBADUMIA	9.460,00 €	7.000,00 €	20	7.000,00 €	74,00%
P3605000C	CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO	9.570,00 €	7.000,00 €	20	7.000,00 €	73,15%
P3602900G	CONCELLO DE MOAÑA	11.132,00 €	7.000,00 €	20	7.000,00 €	62,88%
P3602600C	CONCELLO DE MARÍN	12.511,40 €	7.000,00 €	16	7.000,00 €	55,95%
P3600400J	CONCELLO DE BUEU	7.986,00 €	5.989,50 €	16	5.989,50 €	75,00%
P3602700A	CONCELLO DE MEAÑO	10.765,54 €	8.074,15 €	12	7.000,00 €	65,02%
P3604800G	CONCELLO DO ROSAL	6.000,00 €	4.500,00 €	12	4.500,00 €	75,00%
TOTAL					244.678,72 €	

Segundo.- Desestimar as seguintes solicitudes:

EXPEDIENTE	NIF	ENTIDADE	CAUSA DE DESESTIMACIÓN
2023012239	P3602000F	CONCELLO DE AGOLADA	Oficina de turismo non adherida á Rede de Oficinas de Turismo Info Rías Baixas

12.32536.- APROBACIÓN DA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO “PLAN MÓVESE. MOBILIDADE E VELOCIDADE SEGURA. FASE III - LOTE 1”. (Expte. 2020019248)

A Xunta de Goberno de data 26 de marzo de 2021, adxudicou a obra “Plan Móvese. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III”. O lote 1 foi adxudicado á UTE Plan Móvese Fase III (Composta polas empresas Grusamar Ingeniería y Consulting, SLU y Francisco Gómez y CIA, SL) polo importe 550.187 euros IVE incluído.

Con data 15 de xuño de 2022 a empresa UTE Plan Móvese Fase III presenta por rexistro (WEB2022035700) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o dito contrato – Lote 1.

Analizada a solicitude, e vistas as diferentes interpretacións do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020 (de agora en diante, Real Decreto-lei 3/2022), que permite a revisión excepcional de prezos, e da modificación operada pola Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, e das dificultades na súa



aplicación; a Deputación de Pontevedra realiza unha consulta á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, con data 13 de xuño de 2022, sobre diversas cuestións de aplicación da revisión excepcional de prezos nos contratos de obra.

Polo servizo técnico de Infraestrutura emítese informe, con data 23 de xaneiro de 2023(CSV: H37B9QUBB1OTSNOV) no que se sinala que:

- Trátase dun contrato que foi formalizado o día 28/05/2021 logo de que o día 24/12/2020 rematara o prazo para presentar as ofertas, determinando en consecuencia o índice de referencia a partir do cal debe establecerse a procedencia dun expediente de revisión de prezos.
- O solicitante propón a fórmula de revisión de prezos nº154 que non se axusta ao tipo de obra. De acordo co disposto no artigo 8 letra b do Real Decreto-ley 3/2022 de 1 de marzo, e dado que no proxecto construtivo se determina a fórmula nº382 como fórmula de revisión de prezos a empregar, dentro das diferentes fórmulas tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras aprobadas polo RD 1359/2011 do 7 de outubro, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que a fórmula nº 382 é a que se ten que utilizar neste contrato.
- O solicitante aporta xustificación do requisito do artigo 7.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, sobre a existencia dun incremento do coste dos materiais especificados no artigo, maior do 5 por cento do importe certificado do contrato, utilizando a fórmula 154 que non procede neste caso. Dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que utilizando a fórmula 382 cúmprese dito requisito, obtendo un incremento do 6,42%. Xúntase revisión efectuada.
- O solicitante aporta unha xustificación do importe de revisión de prezos a abonar utilizando a fórmula 154, resultando 56.775,15 euros sen IVE. Xúntanse os cálculos xustificativos efectuados polos servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais que corresponderían no caso de ser procedente a revisión de prezos, usando a fórmula nº 382 determinando que a revisión de prezos que procedería é de 39.341,91 euros (con IVE).
- O acta de recepción das obras formalizouse o día 16/06/2022. A certificación final das obras foi aprobada o día 13/07/2022. En consecuencia, o día en que se aproba a certificación final determina a finalización do contrato de obras ós efectos do cumprimento do prazo sinalado no art. 9.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, prazo que se cumpre dado que a solicitude de revisión de prezos foi realizada o día 15/06/2022.

Con data 14/03/2023, a Intervención certifica a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.03 do vixente orzamento provincial, quedando retido ou importe de 39.341,91 euros mediante ou documento de retención de crédito núm. 202300058812.



Trasladado o expediente á Intervención ao obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro. A Intervención, con data 14/03/2023, informa favorablemente a proposta de aprobación da revisión excepcional de prezos coas seguintes observacións:

Corresponde ao órgano de contratación ditar a proposta de revisión que deberá ser notificada ao contratista con indicación da fórmula de aplicación e do importe resultante.

A contía resultante da revisión aplicarase na certificación final da obra como partida adicional con pleno respecto á lexislación orzamentaria.

A efectos de tramitación do pago achegarase polo contratista declaración responsable da non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custes dos materiais neste contrato, ou, no seu caso, a acreditación da desistencia dos mesmos.

Con data 28/03/2023, Secretaría “*presta conformidade á proposta de revisión excepcional de prezos tendo en conta a circunstancia que concorren no presente contrato e a existencia do informe da persoa responsable do mesmo*”.

Considerando o previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

Considerando que o Real Decreto-lei 3/2022, que prevé, no seu Título II, medidas de carácter extraordinario para permitir unha revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras afectados pola subida dos prezos dos materiais.

Considerando que o día 30 de marzo de 2022, publicouse en BOE/BOE a Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, na Disposición final trixésima sétima, modifica os artigos 6, 7, 8 e 9 da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo.

Considerando o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, que volve modificar o artigo 6 do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, relativo aos casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras.

Considerando as formulas do anexo II do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido dá Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a revisión de prezos excepcional da obra “*Plan Móvese. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III – Lote 1*”, adxudicado á empresa UTE Plan Móvese Fase III (U05493051), aplicando a fórmula nº 382 recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Aplicada a fórmula de revisión de prezos resulta un importe de revisión de 39.341,91 euros, IVE incluído.

2.-Autorizar e dispoñer o gasto da revisión excepcional de prezos a favor da empresa UTE Plan Móvese Fase III (U05493051) por importe 39.341,91 euros con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.03 do vixente orzamento provincial.

O pago quedará condicionado á achega polo contratista da declaración responsable de non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custos das materias neste contrato, ou, no seu caso, a acreditación do desestímulo dos mesmos, non prazo de 10 días a contar dende ou día seguinte a notificación deste acordo.

13.32537.- APROBACIÓN DA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-4006 NO TREITO ANTIGO DO COLEXIO DE LEIRADO (CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO)”.
(Expte.2021024981)

A Xunta de Goberno de data 20 de setembro de 2021, adxudicou a obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-4006 no treito antigo do Colexio de Leirado (Concello de Salvaterra de Miño)*” a empresa Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela SL do polo importe 186.076,38 euros IVE incluído.

Con data 13 de xuño de 2022 a Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela SL presenta por rexistro (WEB2022035346) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o dito contrato.

Analizada a solicitude, e vistas as diferentes interpretacións do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea lóxística, e polo que se transpone a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020 (de agora en diante, Real Decreto-lei 3/2022), que permite a revisión excepcional de prezos, e da modificación operada pola Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, e das dificultades na súa aplicación; a Deputación de Pontevedra realiza unha consulta á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, con data 13 de xuño de 2022, sobre diversas cuestións de aplicación da revisión excepcional de prezos nos contratos de obra.



Polo servizo técnico de Infraestruturas emítase informe, con data 23 de xaneiro de 2023(CSV: JIEIWAH5RC75EWHX) no que se sinala que:

- *Trátase dun contrato que foi formalizado o día 14/10/2021 logo de que o día 23/07/2021 rematara o prazo para presentar as ofertas, determinando en consecuencia o índice de referencia a partir do cal debe establecerse a procedencia dun expediente de revisión de prezos.*
- *O solicitante propón a fórmula de revisión de prezos nº 156. Dado que nin no proxecto construtivo nin no PCAP se determina a fórmula de revisión de prezos a empregar, logo do análise das diferentes fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras aprobadas polo RD 1359/2011 do 7 de outubro, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que a fórmula nº 381 é a que houbera correspondido ó contrato. Xúntase revisión efectuada.*
- *O solicitante non aporta xustificación do requisito do artigo 7.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, sobre a existencia dun incremento do coste dos materiais especificados no artigo, maior do 5 por cento do importe certificado do contrato. Dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que utilizando a fórmula 381 cúmprese dito requisito, obtendo un incremento do 6,33%. Xúntase revisión efectuada.*
- *O solicitante non aporta unha xustificación do importe de revisión de prezos a abonar. Xúntanse os cálculos xustificativos efectuados polos servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais que corresponderían no caso de ser procedente a revisión de prezos, usando a fórmula nº 381 determinando que a revisión de prezos que procedería é de 14.478,84 € con IVE.*
- *O acta de recepción das obras formalizouse o día 07/07/2022. A certificación final das obras foi aprobada o día 20/09/2022. En consecuencia, o día en que se aproba a certificación final determina a finalización do contrato de obras ós efectos do cumprimento do prazo sinalado no art. 9.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, prazo que se cumpre dado que a solicitude de revisión de prezos foi realizada o día 13/06/2022.*

Con data 14 de marzo de 2023, a Intervención certifica a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022 do vixente orzamento provincial, quedando retido ou importe de 14.478,84 euros, mediante ou documento de retención de crédito núm. 2023000052062.

Trasladado ou expediente á Intervención ó obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro. A Intervención, con data 14 de marzo de 2023, informa favorablemente a proposta de aprobación da revisión excepcional de prezos coas seguintes observacións:

“Corresponde ao órgano de contratación ditar a proposta de revisión que deberá ser notificada ao contratista con indicación da fórmula de aplicación e do importe resultante.

A contía resultante da revisión aplicarase na certificación final da obra como partida adicional con pleno respecto á lexislación orzamentaria.

A efectos de tramitación do pago achegarase polo contratista declaración responsable da non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custos dos materiais neste contrato, ou, no seu caso, a acreditación da desistencia dos mesmos.



As obras obxecto do contrato executáronse mediante convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Salvaterra de Miño, con financiamento de ambas entidades correspondendo unha aportación do 80% á Deputación e dun 20% ao Concello. Da aplicación da fórmula de revisión excepcional de prezos, resulta o importe a abonar ao contratista de 14.478,84 € que tendo en conta as previsións da cláusula cuarta do convenio asinado será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos, supoñendo un exceso sobre a financiación inicialmente, prevista de 4.786,39 € y correspondendo por tanto, ao Concello unha nova aportación de 957,28€.”

Con data 29/03/2023 a Secretaría “*presta conformidade á proposta de revisión excepcional de prezos tendo en conta as circunstancias que concorren no presente contrato e a existencia do informe da persoa responsable do contrato*”.

Considerando o previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

Considerando que o Real Decreto-lei 3/2022, que prevé, no seu Título II, medidas de carácter extraordinario para permitir unha revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras afectados pola subida dos prezos dos materiais.

Considerando que o día 30 de marzo de 2022, publicouse en BOE/BOE a Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, na Disposición final trixésima sétima, modifica os artigos 6, 7, 8 e 9 da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo.

Considerando o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, que volve modificar o artigo 6 do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, relativo aos casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras.

Considerando as formulas do anexo II do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido dá Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial,



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a revisión de prezos excepcional da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-4006 no treito antigo do Colexio de Leirado (Concello de Salvaterra de Miño)*”, adxudicado á empresa Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela SL (B36239861), aplicando a fórmula nº 381 recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Aplicada a fórmula de revisión de prezos resulta un importe de revisión de 14.478,84 euros, IVE incluído.

2.- Autorizar e dispoñer o gasto da revisión excepcional de prezos a favor da empresa Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela SL (B36239861) por importe 14.478,84 euros con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022 do vixente Orzamento Provincial.

O pago quedará condicionado a achega polo contratista da declaración responsable de non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custos das materias neste contrato, ou, no seu caso, a acreditación do desestímulo dos mesmos, non prazo de 10 días a contar dende ou día seguinte a notificación deste acordo.

3.- Repercutir ao *Concello de Salvaterra de Miño* o importe de 957,28 euros en cumprimento da cláusula cuarta do convenio de colaboración asinado coa Deputación para a execución das obras obxecto do contrato que establece que calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade coa aplicación dos coeficientes de financiación Deputación 80% e o *Concello de Salvaterra de Miño* 20%

14.32538.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E SENDA PEONIL NA E.P. 2106 A RAMALLOSA-PARADA, DENDE O P.Q. 3+200 AO P.Q. 4+195 (CONCELLO DE NIGRÁN)". (Expte. 2023004714)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da Estrada Provincial E.P. 2106 A Ramallosa- Parada, que transcorre polo *Concello de Nigrán* e que ten unha lonxitude de 4.195 metros. Conecta A Ramallosa con Parada e é de dobre sentido de circulación e de sección variable. No treito comprendido entre o P.Q. 3+200 e o P.Q. 4+195 atópase na súa marxe dereita o cemiterio e na súa marxe esquerda a Igrexa de Santiago de Parada. Debido os diferentes equipamentos públicos que existen no contorno, trátase dunha zona moi concorrida por peóns, e que na actualidade é insegura para os mesmos. A maiores, dita estrada presenta unha elevada IMD o que dificulta a mellora da seguranza na zona.



Resultando.- Que debido ó mal estado do treito entre o P.Q. 3+200 e o P.Q. 4+195, a Deputación de Pontevedra contratou a redacción do proxecto de “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa- Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)” para dotar a zona de prioridade peonil segura.

Resultando.- Que con data 10 de xuño de 2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Nigrán*, convenio de colaboración par a execución da de “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa- Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)” por importe de 973.023,39 euros.

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e *Concello de Nigrán* mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	681.116,37 €	70
Concello Nigrán	291.907,02 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	973.023,39 €	100

Resultando.- Que recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adjudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adjudicar o contrato de obras “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira adscrita á empresa Galaicontrol, Dona Trinidad López Rodríguez, o proxecto de execución da obra “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)” cun orzamento base de licitación de 973.023,39 euros IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) TYVSZTWYW1J7BFX2.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión favorable do proxecto de data 25 de abril de 2022 asinado polos enxeñeiros dos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, onde se fai constar que as obras a executar compren coa normativa urbanística e coa normativa de avaliación ambiental, advertindo que será necesaria a expropiación de 2.490,20 m2 de terreo de propiedade privada necesario para a correcta execución do proxecto, repartidos nun total de 19 parcelas diferentes.



Resultando.- Que a maiores o proxecto necesita autorización de diferentes organismos, sendo estes:

- Augas de Galicia, con autorización favorable (CSV) 2N804SXTXKY025UK.
- Axencia Galega de Infraestruturas, con autorización favorable (CSV) YLD1INGQMW98FH6I.
- Servizo de Patrimonio Cultural, con autorización favorable (CSV) DOED0UHQ0XOQGQWQ5.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 30 de xullo de 2021 acordou aprobar inicialmente o proxecto de construción da obra “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP 2106 A Ramallosa- Parada, dende o PQ 3+200 ao PQ 4+195. Concello de Nigrán*”, cun orzamento de licitación de 973.023,39 €.

Resultando.- Que publicados os correspondentes anuncios, non se presentaron durante o período de de información pública reclamacións fronte ao proxecto aprobado inicialmente nin alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal polo que, conforme ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación Provincial enténdense definitivamente aprobados o proxecto.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 973.023,39 euros con número de operación 202300003748, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022, certificando a existencia de crédito para afrontar este gasto.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente informe preceptivo emitido polo Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra (CSV) HN7VY0GF58AW9APS, estimando que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente.

Resultando.- Que mediante informe da xefa do Servizo de Fiscalización con (CSV) 2ZTQFSJA03F592B2, faise constar que autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, no punto 2 das condicións particulares, recolle: “*As obras deberán estar rematadas no prazo dun (1) ano, a partir do día seguinte da notificación da presente resolución. (...) A autorización considerárase caducada no caso de non executar ou non iniciar a actividade no prazo establecido.*” Polo tanto a día de hoxe estaría caducada.

Resultando.- Que consta no expediente informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV) Q4SJIE1CDR6D8O9W, no que se recolle o seguinte: “*...Con data 03/03/2023 (registro nº 2023/718873) solicítase ao Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra a pertinente renovación da autorización das obras do proxecto de referencia, que xa foran previamente autorizadas en data 27/01/2022. Considerando que non se produciu ningún cambio no proxecto en relación co presentado no seu día para dita concesión de autorización, non se prevé que exista ningún condicionante que poida cambiar o criterio da autorización concedida. O que se informa aos efectos de dar continuación á tramitación do expediente de Contratación...*”



Resultando.- Que consta no expediente informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización: “...*Por esta Intervención foi devolto o expediente con data 27 de febreiro de 2023 (CSV:2ZTQFSJA03F592B2) ó estar caducada a autorización da Axencia Galega de Infraestruturas. A este respecto achégase informe do Director de Infraestruturas e Vías Provinciais de data 28 de marzo de 2023 (CSV:Q4SJIE1CDR6D8O9W) no que sinala que con data 03/03/2023 se solicitou a pertinente renovación da autorización das obras do proxecto de referencia, que xa foran previamente autorizadas en data 27/01/2022, e, engade, que non se produciu ningún cambio no proxecto en relación co presentado no seu día para dita concesión de autorización e que non se prevé que exista ningún condicionante que poida cambiar o criterio da autorización concedida informando aos efectos de dar continuidade á tramitación do expediente. Ante esta situación sinalar que a adxudicación (e, en todo caso, o comezo das obras) debe quedar condicionada á disposición da citada autorización. Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio...”*”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “*A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante*”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “*Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.*”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “*Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..*”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “*A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...*”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliábeis mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *“Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)”* cun orzamento base de licitación de 375.468,32 euros IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	804.151,57 €
IVE (21%).....	168.871,83 €
Importe Total.....	973.023,39 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): KHOAPN44IXCUGSRV, e de prescricións técnicas con código (CSV) TYVSZTIWYW1J7BFX2, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 973.023,39 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

A adxudicación deste procedemento queda condicionada á renovación da autorización das obras do proxecto de referencia expedita pola Axencia Galega de Infraestruturas.

15.32539.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DAS INTERSECCIÓN E ACONDICIONAMENTO NO ENTORNO DA ESTRADA DO VAO, EP-2003 (CONCELLO DE VIGO)”. (Expte. 2022049078)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.



Resultando.- Que a estrada E.P. 2003 CORUXO-CANIDO no termo municipal de Vigo pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, tamén e coñecida como Estrada do Vao e sitúase entre a Rúa Canido e a Estrada de Camposancos, atravesada pola Avenida de Ricardo Mella, na Parroquia de Coruxo de Vigo, cunha lonxitude de 1,6 km.

Resultando.- Que recentemente, a Deputación de Pontevedra fixo unha serie de adecuacións puntuais en partes da rúa en coordinación co *Concello de Vigo*. Estas consistiron na mellora da mobilidade e seguridade peonil mediante a instalación de novos pasos de peóns elevados e bolardos, así como a mellora da circulación motorizada conseguida mediante o reasfaltado e pintado do firme da calzada, sen incluír outras actuacións na beirarrúa nin sobre as interseccións cos viarios adxacentes.

Resultando.- Que as obras que se pretenden levar a cabo encádranse dentro dunha serie de actuacións de renovación e modernización de espazos urbanos, con similares características ás levadas a cabo en distintas áreas consolidadas da cidade de Vigo. Contéplanse as actuacións necesarias para acondicionar e mellorar o entorno da estrada de O Vao, buscando dotar de continuidade e accesibilidade ós itinerarios peonís.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que ten que acudir a contratación externa.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación informe do xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade do Deputado Delegado desa área, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira Trinidad López Rodríguez, adscrita á empresa Galaicontrol, o proxecto de execución da obra “*Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)*” cun orzamento base de licitación de 280.000,00 euros IVE incluído. A este proxecto asígnouse o código (CSV) T1Z5WXCPXN5NHU2I.

Resultando.- Que consta no expediente informe favorable de supervisión do proxecto, emitido polo xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 280.000,00 euros, con número de operación 202200195113 con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 24/11/2022 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)*”, redactado pola enxeñeira Trinidad López Rodríguez, adscrita á empresa Galaicontrol, cun orzamento base de licitación de 280.000,00 euros IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) T1Z5WXCPXN5NHU2I.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 24/01/20223 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra “*Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)*”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 30/01/2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 23/02/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)*”

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
- PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A..

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que o Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 27/03/2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

Licitadores	Memoria e programa de traballo	Plan de actuacións medioambientais	Puntuación Sobre "A"
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	16,00	3,00	19,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	14,00	3,00	17,00
NAROM, S.L.	14,00	3,00	17,00
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	18,00	3,00	21,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	14,00	3,00	17,00
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	12,00	1,00	13,00
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	18,00	3,00	21,00

Resultando.- Que Mesa de Contratación na súa reunión de data 02/03/2023 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 27/03/2023, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

Licitadores	Sobre B				
	Oferta económica	Control calidade	Prazo de garantía	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	218.932,23 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	219.603,31 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	230.039,67 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	231.404,96 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	212.753,72 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	214.882,65 €	3%	36 MESES	SI	SI
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	209.467,77 €	3%	36 MESES	SI	NO
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	211.758,68 €	3%	36 MESES	SI	SI



Resultando.- Que a continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por Nemesio Ordoñez, S.A., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que rematado o prazo do requirimento, Nemesio Ordoñez, S.A., presentou xustificación da súa oferta (REXWEB2023015845) dando traslado da mesma ós Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas, para que emitiran o preceptivo informe.

Resultando.- Que en informe que consta no expediente emitido polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV) 6GRKSH1NO86GTS6Y , recóllese que a xustificación presentada pola empresa Nemesio Ordoñez, S.A. NON xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentada pola mesma, e NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 16/03/2023, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	SOBRE "B"				Puntuación SOBRE "B"
	Valoración Económica	Prazo De Garantía	Control Calidade	UN-EN ISO 9001/14001	
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	39,06	5,00	5,00	5,00	54,06
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	37,10	5,00	5,00	5,00	52,10
NAROM, S.L.	4,30	5,00	5,00	5,00	19,30
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	0,00	5,00	5,00	5,00	15,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	57,10	5,00	5,00	5,00	72,10
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	50,88	5,00	5,00	5,00	65,88
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	60,00	5,00	5,00	5,00	75,00



Resultando.- Que a na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)”, que queda da seguinte forma:

Posición	Licitadores	Puntuación Sobre "A"	Puntuación Sobre "B"	Puntuación Total
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	21,00	75,00	96,00
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	21,00	72,10	93,10
3	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	17,00	65,88	82,88
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	19,00	54,06	73,06
5	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	17,00	52,10	69,10
6	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	25,00	15,00	40,00
7	NAROM, S.L.	17,00	19,30	36,30

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)*” á empresa Prace Servicios y Obras, S.A., de por un importe de 256.228,00 euros IVE incluído.

Resultando.- Que A Mesa de Contratación comproba que a empresa Prace Servicios y Obras, S.A., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 4171) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida empresa Prace Servicios y Obras, S.A., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 10.587,93 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 28/03/2023 con número de operación 202300067050.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa Atenea Seguridad y Medioambiente S.A.U. o Lote 3 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)”.



Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de inicio de expediente, á empresa Atenea Seguridad y Medioambiente, S.A.U., para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra "*Mellora das interseccións e acondicionamento da Estrada do Vao (EP-2003) (Concello de Vigo)*".

Considerando.- O informe emitido pola Intervención (CSV) P3JXKZAZYTUJMYX0 no que se recolle que na aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2022049078, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202200258304.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: "*...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...*"

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluír deste procedemento a oferta presentada pola empresa Nemesio Ordoñez, S.A., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa Prace Servicios y Obras, S.A. (A70319678) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)*" por un importe de 545.362,31 euros IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	211.758,68 €
IVE (21%)	44.469,32 €
Importe Total.....	256.228,00 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

3. Nomear director de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María Elena Pérez Alonso



O prazo de execución será de CATRO (4) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530612.01.2022 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022049078.

4. Adxudicar á empresa Atenea Seguridad y Medioambiente, S.A. (CIF A82876905) o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saude na obra “*Mellora das interseccións e acondicionamento da Estrada do Vao (EP-2003) (Concello de Vigo)*” (Expte 2022062230), por un importe de 1.799,97 euros e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	1.487,58 €
IVE (21%)	312,39 €
Importe Total.....	1.799,97 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2022062230

16.32540.- ADXUDICACIÓN DO LOTE 1 E DECLARACIÓN DE DESERTO DOS LOTES 2 E 3 DO ACORDO MARCO CONVOCADO PARA REGULAR A CONTRATACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN, EN RÉXIME DE ALUGUER, DE DIVERSOS VEHÍCULOS DE REPRESENTACIÓN PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2021063172) (Contratación)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 10 de febreiro de 2023, aprobou o expediente para a adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, dun Acordo Marco para a “*Subministración, en réxime de aluguer, de diversos vehículos de representación para a Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2021063172).

O anuncio de licitación deste contrato foi enviado para a súa publicación no DOUE o día 10 de febreiro de 2023, aparecendo publicado o día 15 de febreiro de 2023 (Anuncio 2023/S033-095830). Tamén se publicou no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 12 de febreiro de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 16 de marzo de 2023, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo a única empresa presentada e admitida ao lote número 1, a seguinte:

NIF	Empresa	Lotes aos que se presenta
A28278026	STELLANTIS & YOU ESPAÑA S.A.U.	1

A continuación, a Mesa de Contratación, na mesma sesión, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentada pola empresa que resultou admitida.

Os valores ofertados pola empresa admitida constan no certificado da mesa de contratación do día 16 de marzo de 2023 con csv: UKK0KM0GFK293XVH.



Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados no sobre B correspondente aos criterios de valoración automática de conformidade co indicado nos pregos, as puntuacións obtidas son as seguintes:

CRITERIOS DE ADXUDICACION LOTE 1	STELLANTIS & YOU ESPAÑA S.A.U. (CIF: A28278026)
SOBRE B	
1. Prezo unitario mensual ofertado, ata un máximo de 40 puntos.	1,505
2. Quilometraxe ofertada para o vehículo, ata 20 puntos.	20,000
3. Redución no prazo de entrega do vehículo ofertado, ata 20 puntos.	20,000
4. Incremento na potencia do vehículo ofertado, ata 20 puntos.	0,000
TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 100 puntos)	41,505

Examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 23 de marzo de 2023, acordou propor a Xunta de Goberno que declare desertos os lotes número 2 e 3, por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación do contrato correspondente a estes lotes, aprobar a clasificación da oferta presentada para o lote número 1; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa STELLANTIS & YOU ESPAÑA S.A.U. (CIF: A28278026), polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2023002437, de 24/03/2023 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa STELLANTIS & YOU ESPAÑA S.A.U. (CIF: A28278026), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa STELLANTIS & YOU ESPAÑA S.A.U. (CIF: A28278026) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2023023864, de data 04/04/2023), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Declarar desertos os lotes número 2 e 3 do procedemento aberto convocado para a adxudicación dun Acordo Marco para a “Subministración, en réxime de aluguer, de diversos vehículos de representación para a Deputación de Pontevedra”, por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación do contrato correspondente a estes lotes.



2.- Adxudicar o lote número 1 do Acordo Marco para a “subministración, en réxime de aluguer, de diversos vehículos de representación para a Deputación de Pontevedra” (Expte. 2021063172) á empresa STELLANTIS & YOU ESPAÑA S.A.U. (CIF: A28278026) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte detalle:

1. Prezo unitario mensual ofertado:

Lote	Tipo Vehículo	Unidades	Centro Xestor	Orzamento Unitario Mensual (Sen IVE)
1	Turismo de alta representación (Presidencia)	1	Parque Móbil	1.091,72€
			IVE (21%)	229,26€
			TOTAL	1.320,98€

2. Quilometraxe ofertada para o vehículo

O número máximo de quilómetros cos que contará o vehículo ofertado no momento da subministración é de 200 quilómetros.

3. Redución no prazo de entrega do vehículo ofertado

O vehículo ofertado subministrárase nun prazo máximo de 1 día desde a notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

4. Incremento na potencia do vehículo ofertado

Ofertase un incremento na potencia mínima esixida para o vehículo ofertado de:

10 cv	20 cv	30 cv

O prazo máximo de duración do Acordo Marco será de 3 anos desde a formalización do lote, sen posibilidade de prórrogas.

O cumprimento da vixencia dará lugar a extinción do Acordo Marco, sen prexuízo de que, a duración dos contratos que se deriven do mesmo, ou se celebren baixo a súa vixencia, poidan superar dito prazo.

O prazo de duración dos contratos derivados:

Atendendo ás necesidades do parque móbil realizaranse peticións á empresa adxudicataria, adxudicando en función das mesmas os correspondentes contratos baseados.

A duración determinarase na adxudicación do contrato baseado, no podendo superar os 3 anos.



Financiación: O Acordo Marco non supón obriga económica ningunha para a Deputación de Pontevedra, xa que as obrigas económicas serán as que resulten dos contratos derivados que se adxudiquen ao abeiro do Acordo marco, que se axustarán á oferta da empresa adxudicataria do Acordo Marco.

Os contratos derivados serán financiados con cargo a aplicacións orzamentaria 920.9200.204.00.

Pola súa parte, os gastos que se deriven dos contratos derivados durante as anualidades 2024,2025 e 2026, quedarán condicionados á aprobación dos correspondentes orzamentos provinciais así como á existencia de crédito axeitado e suficiente nas referidas aplicacións orzamentarias.

Tempo e lugar de entrega:

Os vehículos obxecto do presente Acordo Marco deberán subministrarse no prazo máximo de 150 días naturais desde a notificación da adxudicación do contrato derivado do lote e serán recepcionados por persoal da institución provincial nas parcelas B10 e B11 situadas no Polígono Industrial de Barro-Meis (Lugar de Outeda, 36692 Barro. Pontevedra).

Coa entrega de cada un dos vehículos asinarase entre as persoas representantes da Deputación de Pontevedra e da empresa adxudicataria unha ACTA DE ENTREGA DE VEHICULOS (Anexo V do presente prego de cláusulas administrativas) na que quedarán reflectidos os seguintes conceptos: Asistentes, modelo e matrícula do vehículo, quilómetros percorridos nese momento, cumprimento das condicións establecidas no presente prego e no prego de prescricións técnicas, lugar e data de entrega do vehículo.

Unha vez rematado o contrato derivado, as empresas adxudicatarias faranse cargo dos vehículos recolléndoos no mesmo lugar no que foron entregados.

Os gastos de entrega e transporte dos vehículos serán por conta do adxudicatario, tal como se establece no artigo 304 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pago dos contratos basados realizaranse en base aos prezos unitarios fixados na conclusión do Acordo Marco coa/s empresa/s seleccionada/s contra a presentación das correspondentes facturas mensuais en función das subministracións de vehículos realizadas polo que o pagamento realizarase de xeito fraccionado en función destas.

Tendo en conta o anterior, pagarase unicamente polos vehículos dos que dispoña. No caso de que se dispoña dos vehículos por un prazo inferior a un mes completo, a facturación deberá ser calculada polas empresas adxudicatarias proporcionalmente para o período correspondente tomando como base os prezos unitarios polos que sexa adxudicado o contrato e considerando os meses de 30 días.

Mediante a aceptación do presente prego o adxudicatario obrigase expresamente a non emitir, presentar e/ou rexistrar facturas ante a Deputación de Pontevedra sen o consentimento expreso da persoa responsable do contrato.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicatario ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2021063172	
Órgano xestor:	LA0006126	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Xefatura do Parque Móbil co asesoramento do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios.

17.32541.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN, IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DUN SISTEMA DE XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA E PATRIMONIAL PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”.
 (Expte.2022070144)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 24 de xaneiro de 2023, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeiro e patrimonial para a Deputación de Pontevedra concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de publicacións da Unión Europea.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse a Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas (DOUE) con data 24 de xaneiro de 2023 (Anuncio 2023/S 020-053787) e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 26 de xaneiro de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 2/03/2023, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao técnicos do servizo de novas tecnoloxías ao obxecto de que, avalíe e pondere a proposta ofertada seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Recibido informe de valoración técnica con (CSV: 6609J0KM45Z1ZJGP), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 16/03/2023, presta conformidade as puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que alcanzan a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante un xuízo de valor (sobre B), esixida na cláusula 9.1 dos pregos para continuar no procedemento.

Unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 16/03/2023, acordou clasificar a oferta presentada e admitida no procedemento, e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adjudicación do contrato a favor da empresa T Systems ITC Iberia CIF A-81608077, polos prezos e valores ofertados

Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 23/03/2023, comproba que a empresa T Systems ITC Iberia, atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e que certificado de inscrición acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, e demais circunstancias inscritas, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Mediante Resolución Presidencial número 2023002512, de 27/03/2023 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa empresa T Systems ITC Iberia (CIF A-81608077), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa T Systems ITC Iberia (CIF A-81608077), presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 28.191,15 € (carta de pago núm. operación 202300069282, do 03/04/2023).



Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato de subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financieiro e patrimonial para a Deputación de Pontevedra á empresa T Systems ITC Iberia (CIF A-81608077), polos seguintes prezos e valores ofertados, e conforme as seguintes condicións:

Prezo correspondiente ao suministro e implantación:

Importe sen IVE	445.022,93 €
IVE 21% :	93.454,82 €
Importe IVE engadido:.....	538.477,75 €

Prezo mensual correspondiente ao servizo de mantemento:

Importe sen I.V.E.:.....	3.300,00 € /mes
IVE 21%:	693,00 € /mes
Importe IVE engadido:	3.993,00 € /mes

Servizos complementarios incluídos na oferta:

-Servizo de Asesoramento e asistencia técnico-contable para a realización das operacións de peche e apertura dos exercicios contables, traspaso de operacións, regularización de saldos, operacións de fin de exercicio e resolución de incidencias

Consultor proposto: Esteve Pujols Rovira

-Servizo de Asesoramento e asistencia técnico-contable para a realización dos traballos previos e a formación da liquidación da Conta Xeral

Consultor proposto: Carlos Gómez Clemente



Servicio de Asesoramento e asistencia técnico-contable para a realización dos traballos de rendición de contas.

Consultor proposto: Jose Carlos Román Losada

Nº de horas anuais ofertadas pola empresa para os desenvolvementos evolutivos solicitados pola Diputación de Pontevedra que non supoñan un requisito legal.: 400 horas

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias.

Axualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2023	23/931.9310.641.00.2022	538.477,75 €
2024 (8 meses)	24/931.9310.227.99	31.944,00 €
2025	25/931.9310.227.99	47.916,00 €
2026	26/931.9310.227.99	47.916,00 €
2027 (4 meses)	27/931.9310.227.99	15.972,00
Total		682.225,75 €

Os importes correspondentes aos exercicios futuros quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito axeitado e suficiente. A distribución por axualidades poderá sufrir variacións en función da data de formalización do contrato.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O importe ofertado en concepto de subministración e implantación, facturarase de acordo coas seguintes porcentaxes:

a. Subministración e instalación das aplicacións: 25%

b. Posta en marcha:

-do sistema de xestión da contabilidade: 25%

-do sistema de xestión patrimonial: 25%

-do sistema de xestión da contabilidade analítica: 25%

O servizo de mantemento facturarase mensualmente a partir do mes natural seguinte á data de posta en marcha dos sistemas e transcorrido un mínimo de doce (12) meses desde a formalización do contrato.

Para o suposto de que o inicio da facturación do servizo de mantemento dos distintos sistemas non sexa coincidente, aplicaranse as seguintes porcentaxes de reparto sobre o importe mensual ofertado:

-mantemento do sistema de xestión da contabilidade: 50%

-mantemento do sistema de xestión patrimonial: 25%

-mantemento do sistema de xestión da contabilidade analítica: 25%



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2022070144.	
Órgano xestor:	LA0006135	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: O Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, D. Juan Gabriel Fernández García de la Rocha

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

18.32542.- CAMBIO DE DIRECCIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 3303 TABAGÓN-GOLÁN, DENDE O P.Q. 1+795 ATA O P.Q. 3+600. TREITO II (O ROSAL)”. (Expte. 2022047518)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o 31/03/2023 acordou nomear directora da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)*”, á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Andrea Otero Otero.



Resultando.- Que mediante escrito de data 03/04/2023 (CSV) WJCYP4XKK5SWCZSPo director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, solicita un cambio de nomeamento na dirección de obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na E.P. 8501 Valga - Martores dende o P.Q. 1+050 ata o P.Q. 1+500 (Concello de Valga)*” por motivos de organización do departamento técnico, pasando a exercer dita labor Dona María del Mar González Estévez, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle o seguinte: “*Con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, o órgano de Contratación nomeará, no acordo de adxudicación do contrato, a unha directora ou director facultativo, a quen lle corresponderá, como responsable do contrato, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, conforme o disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP...*”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Deixar sen efecto o nomeamento de Dona Andrea Otero Otero coma directora da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)*”.
2. Nomear directora da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)*” á enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María del Mar González Estévez.

19.32543.- CAMBIO DE DIRECCIÓN DA OBRA "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-9302 EN BROULLÓN (PQ 0+780 AO PQ 0+970) E COBAS (PQ 2+400 AO PQ 2+550), NO CONCELLO DE MEAÑO". (Expe.2021065111)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o 05/08/2022 acordou nomear director da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño*” ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández.

Resultando.- Que mediante escrito de data 28/03/2023 (CSV) IIQYOEE1JNUS5UFX o director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, solicita un cambio de nomeamento na dirección de obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño*” por motivos dunha baixa laboral pasando a exercer dita labor D. Jaime Ruibal de Sola , enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle o seguinte: “*Con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, o órgano de Contratación nomeará, no acordo de adxudicación do contrato, a unha directora ou director facultativo, a quen lle corresponderá, como responsable do contrato, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, conforme o disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP...*”



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Autorizar o cambio de dirección da obra, deixando sen efecto dende a data de adopción deste acordo, o nomeamento de D. Francisco Alonso Fernández.
2. Nomear director de obra a D. Jaime Ruibal de Sola, enxeñeiro do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

20.32544.- CAMBIO DE DIRECCIÓN DA OBRA "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 8501 VALGA - MARTORES DENDE O P.Q. 1+050 ATA O P.Q. 1+500 (CONCELLO DE VALGA)". (Expte.2022007989)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o 03/03/2023 acordou nomear director da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na E.P. 8501 Valga - Martores dende o P.Q. 1+050 ata o P.Q. 1+500 (concello de Valga)*”, ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández.

Resultando.- Que mediante escrito de data 04/04/2023 (CSV) 8MYG099SBZF63N7K o director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, solicita un cambio de nomeamento na dirección de obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na E.P. 8501 Valga - Martores dende o P.Q. 1+050 ata o P.Q. 1+500 (Concello de Valga)*” por motivos dunha baixa laboral pasando a exercer dita labor D. Jaime Ruibal de Sola, enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle o seguinte: “Con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, o órgano de Contratación nomeará, no acordo de adxudicación do contrato, a unha directora ou director facultativo, a quen lle corresponderá, como responsable do contrato, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, conforme o disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Autorizar o cambio de dirección da obra, deixando sen efecto dende a data de adopción deste acordo, o nomeamento de D. Francisco Alonso Fernández.
2. Nomear director de obra a D. Jaime Ruibal de Sola, enxeñeiro do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.



21.32545.- DECLARACIÓN DA PERDA DEFINITIVA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE LALÍN CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE “CURSO DE PODA E ENXERTOS” AO ABEIRO DA LIÑA 2 DO PLAN CONCELLOS 2021 (Expte.2021015275)

ANTECEDENTES:

Primeiro.- As Bases Reguladoras do Plan Concellos 2021 aprobadas polo pleno da Deputación de Pontevedra en sesión do día 15/12/2020, e publicadas no BOPPO núm.1 de data 04/01/2021, dispoñen na base vixésimo primeira que o prazo para a xustificación do gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e gasto corrente derivado da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas, etc. é ata o 31/03/2022. As Bases Reguladoras foron modificadas por acordo do pleno da Deputación de Pontevedra en sesión do día 12/02/2021, publicándose dita modificación no BOPPO núm.32 do día 17/02/2021.

Segundo.- Ao Concello de Lalín, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 6.30408, de data 14/06/2021, se lle concedeu unha subvención, por importe de 3.780,04 euros co obxecto do financiamento da actividade “Curso de poda e enxertos” (Expte.2021015275), con cargo ao Plan Concellos 2021.

Terceiro.- Rematado o prazo de xustificación, non consta entrada na sede electrónica da Deputación documentación que acredite a realización do gasto.

Cuarto.- Remitida, formalmente, comunicación coa indicación expresa do inicio do procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro á subvención concedida co obxecto do financiamento da actividade “Curso de poda e enxertos” (Expte.2021015275), o Concello de Lalín non achega a documentación xustificativa do gasto realizado nin formula ningún tipo de alegación.

Quinto.- En data 10/02/2023 mediante acordo da Xunta de Goberno núm.15.32222 iniciase o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da cantidade que ascende a 3.780,04 euros, correspondente á subvención concedida co obxecto do financiamento da actividade “Curso de poda e enxertos” (Expte.2021015275), outorgándosele ao Concello de Lalín un trámite de audiencia de quince días hábiles para formular cantas alegacións estimara convenientes.

Sexto.-Rematado o prazo antedito, non consta entrada na sede electrónica da Deputación alegacións contra acordo inicial de inicio de procedemento para a declaración da perda do dereito ao cobro da subvención concedida co obxecto do financiamento da actividade “Curso de poda e enxertos” (Expte.2021015275).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- RS 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases Reguladoras do Plan Concellos 2021.
- Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia.
- Lei de contratos do sector público 9/2017, de 8 de novembro.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCION DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación das expedientes.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

DA CAUSA DA PERDA DE SUBVENCIÓN

- Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2021 que sinala como obrigas do beneficiarios das subvencións a de realizar as actuacións que fundamentan a concesión das mesmas nos prazos sinalados nas referidas Bases, engadindo que o incumprimento destas obrigas será causa de reintegro.
- Base Reguladora 21ª do Plan Concellos 2021, que di que “Todas as finalidades subvencionadas deben xustificarse totalmente nos prazos sinalados segundo a natureza das distintas liñas da subvención, conforme se dispón nestas bases. A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar a perda do dereito ao cobro de subvención correspondente.”
- Artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións 38/2003, de 17 de novembro, que establece como obrigas dos beneficiarios no punto 1.b) o de xustificar perante o órgano concedente ou a entidade colaboradora no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinan a concesión.
- Artigo 30 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, que engade que é acto obrigatorio do beneficiario o da xustificación, e que “o incumprimento da obriga da xustificación da subvención nos termos establecidos, ou a xustificación insuficiente da mesma levará aparellado o reintegro nas condicións previstas no artigo 37.



- Artigo 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias a de realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, así como presentar en forma e prazo a xustificación.
- Artigo 25 da Ordenanza Xeral de Subvencións, o incumprimento do prazo de xustificación da lugar á perda do dereito de cobro, ou o reintegro se houberse pagamento anticipado.
- Artigo 29 da mesma Ordenanza, se as causas de reintegro ou perda do dereito ao cobro se producen no momento anterior ao pagamento, dará lugar a perda total ou parcial do dereito a cobrar a subvención.

DO PROCEDIMENTO PARA DECLARAR A PERDA DO DEREITO A COBRO

- Artigo 20 da Ordenanza Xeral de Subvencións, sinala que o procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro de subvención será o regulado na normativa de subvencións e no réxime xurídico xeral, debendo cumprir os seguintes trámites: a) Acordo de inicio; b) Notificación con alegacións e reclamacións; c) Resolución de alegacións, se as houberse, e acordo definitivo; d) Notificación con indicación de recursos.

III.- MOTIVACIÓN DA REGULACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN

- O artigo 29 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, (LCACAP) dispón que os termos e prazos establecidos en este ou outras leis obrigan ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos, así como aos interesados nos mesmos. A Lei establece a obrigatoriedade dos termos e dos prazos como unha ferramenta para garantir unha eficiente e eficaz xestión dos asuntos públicos e o cumprimento dos trámites do procedemento.
- O artigo 8.3 da LXS sinala como principios da xestión das subvencións os de igualdade, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante, e a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, vista a dilixencia de conformidade da Intervención Provincial de data 06/02/2023 e o acordo do inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Declarar definitivamente a perda do dereito ao cobro da subvención concedida ao *Concello de Lalín*, CIF:P3602400H, por importe de 3.780,04 euros, co obxecto do financiamento da actividade “*Curso de poda e enxertos*” (Expte.2021015275), por incumprimento das obrigas formais de xustificación no prazo máximo establecido.
- Desafectar o crédito por importe total de 3.780,04 euros mediante os correspondentes documentos contables.
- Declarar o arquivo do expediente número 2021015275.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Lalín*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



22.32546.- DECLARACIÓN DA PERDA DEFINITIVA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE PONTECESURES CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “CONTRATACIÓN ASISTENCIA TÉCNICA PARA A CONTRATACIÓN DE LEVANTAMENTOS TOPOGRÁFICOS” AO ABEIRO DA LIÑA 2 DO PLAN CONCELLOS 2021 (Expte.2021009089)

ANTECEDENTES:

Primeiro.- As Bases Reguladoras do Plan Concellos 2021 aprobadas polo pleno da Deputación de Pontevedra en sesión do día 15/12/2020, e publicadas no BOPPO núm.1 de data 04/01/2021, dispoñen na base vixésimo primeira que o prazo para a xustificación do gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e gasto corrente derivado da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas, etc. é ata o 31/03/2022. As Bases Reguladoras foron modificadas por acordo do pleno da Deputación de Pontevedra en sesión do día 12/02/2021, publicándose dita modificación no BOPPO núm.32 do día 17/02/2021.

Segundo.- Ao Concello de Pontecesures, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 4.30241, de data 30/04/2021, se lle concedeu unha subvención, por importe de 4.343,90 euros co obxecto do financiamento da actividade “*Contratación asistencia técnica para a contratación de levantamentos topográficos*” (Expte.:2021009089), con cargo ao Plan Concellos 2021.

Terceiro.- Rematado o prazo de xustificación, non consta entrada na sede electrónica da documentación que acredite a realización do gasto.

Cuarto.- Remitida, formalmente, comunicación coa indicación expresa do inicio do procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro á subvención concedida co obxecto do financiamento da actividade “*Contratación asistencia técnica para a contratación de levantamentos topográficos*” (Expte.:2021009089), o Concello de Pontecesures non achega a documentación xustificativa do gasto realizado nin formula ningún tipo de alegación.

Quinto.- En data 10/02/2023 mediante acordo da Xunta de Goberno núm.18.32225 iniciase o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da cantidade que ascende a 4.343,90 euros, correspondente á subvención concedida co obxecto do financiamento da actividade “*Contratación asistencia técnica para a contratación de levantamentos topográficos*” (Expte.:2021009089), outorgándosele ao Concello de Pontecesures un trámite de audiencia de quince días hábiles para formular cantas alegacións estimara convenientes.

Sexto.-Rematado o prazo antedito, non consta entrada na sede electrónica da Deputación alegacións contra acordo inicial de inicio de procedemento para a declaración da perda do dereito ao cobro da subvención concedida co obxecto do financiamento da actividade “*Contratación asistencia técnica para a contratación de levantamentos topográficos*” (Expte.2021009089).



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- RS 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases Reguladoras do Plan Concellos 2021.
- Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia.
- Lei de contratos do sector público 9/2017, de 8 de novembro.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCION DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación das expedientes.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

DA CAUSA DA PERDA DE SUBVENCIÓN

- Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2021 que sinala como obrigas do beneficiarios das subvencións a de realizar as actuacións que fundamentan a concesión das mesmas nos prazos sinalados nas referidas Bases, engadindo que o incumprimento destas obrigas será causa de reintegro.
- Base Reguladora 21ª do Plan Concellos 2021, que di que “Todas as finalidades subvencionadas deben xustificarse totalmente nos prazos sinalados segundo a natureza das distintas liñas da subvención, conforme se dispón nestas bases. A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar a perda do dereito ao cobro de subvención correspondente.”
- Artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións 38/2003, de 17 de novembro, que establece como obrigas dos beneficiarios no punto 1.b) o de xustificar perante o órgano concedente ou a entidade colaboradora no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinan a concesión.



- Artigo 30 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, que engade que é acto obrigatorio do beneficiario o da xustificación, e que “o incumprimento da obriga da xustificación da subvención nos termos establecidos, ou a xustificación insuficiente da mesma levará aparelado o reintegro nas condicións previstas no artigo 37.
- Artigo 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias a de realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, así como presentar en forma e prazo a xustificación.
- Artigo 25 da Ordenanza Xeral de Subvencións, o incumprimento do prazo de xustificación da lugar á perda do dereito de cobro, ou o reintegro se houberse pagamento anticipado.
- Artigo 29 da mesma Ordenanza, se as causas de reintegro ou perda do dereito ao cobro se producen no momento anterior ao pagamento, dará lugar a perda total ou parcial do dereito a cobrar a subvención.

DO PROCEDEMENTO PARA DECLARAR A PERDA DO DEREITO A COBRO

- Artigo 20 da Ordenanza Xeral de Subvencións, sinala que o procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro de subvención será o regulado na normativa de subvencións e no réxime xurídico xeral, debendo cumprir os seguintes trámites: a) Acordo de inicio; b) Notificación con alegacións e reclamacións; c) Resolución de alegacións, se as houberse, e acordo definitivo; d) Notificación con indicación de recursos.

III.- MOTIVACIÓN DA REGULACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN

- O artigo 29 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, (LCACAP) dispón que os termos e prazos establecidos en este ou outras leis obrigan ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos, así como aos interesados nos mesmos. A Lei establece a obrigatoriedade dos termos e dos prazos como unha ferramenta para garantir unha eficiente e eficaz xestión dos asuntos públicos e o cumprimento dos trámites do procedemento.
- O artigo 8.3 da LXS sinala como principios da xestión das subvencións os de igualdade, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante, e a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, vista a dilixencia de conformidade da Intervención Provincial de data 06/02/2023 e o acordo do inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Declarar definitivamente a perda do dereito ao cobro da subvención concedida ao *Concello de Pontecesures*, CIF:P3604400F, por importe de 4.343,90 euros, co obxecto do financiamento da actividade “*Contratación asistencia técnica para a contratación de levantamentos topográficos*” (Expte.2021009089), por incumprimento das obrigas formais de xustificación no prazo máximo establecido.



- Desafectar o crédito por importe total de 4.343,90 euros mediante os correspondentes documentos contables.
- Declarar o arquivo do expediente número 2021009089.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Pontecesures*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

23.32547.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CENTRO CULTURAL CANDELAS DE LANTAÑO DO CONCELLO DE PORTAS Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “II FEIRA MULLER RURAL”, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022. (EXPTE. 2022019948)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor do *Centro Cultural Candelas de Lantaño* con CIF: G-36.028.058, do *Concello de Portas*, por un importe de 1.047,46 euros, para a “*II Feira Muller Rural*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 24/03/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

24.32548.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL DEPORTIVA SANOMEDIO DO CONCELLO DAS NEVES Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “ANDAINA DO PATRIMONIO DAS NEVES”, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022. (Expte. 2022017746)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *Asociación Cultural Deportiva Sanomedio* con CIF: G-94.094.489, do *Concello das Neves*, por un importe de 576,10 euros, para a “*Andaina do patrimonio das Neves*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 24/03/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

25.32549.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA (ORALIDADE, RIMA, ARTE E LINGUA DE GALICIA) DO CONCELLO DE VIGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “MOSTRA DE IMPROVISACIÓN EN VIGO (EDICIÓN DO ANO 2022)”, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022. (Expte. 2022020638)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *Asociación Oral* (oralidade, rima, arte e lingua de Galicia) con CIF: G-36.845.428, do *Concello de Vigo*, por un importe de 916,52 euros, para a “*Mostra de improvisación en Vigo (Edición do ano 2022)*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 28/02/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita



renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

26.32550.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (EXPTES. 2023024598 E 2023024654)

a) Vista a relación de facturas con número 2023024598, que contén 2 facturas e por un importe de 1.053,64 euros, e con CSV: 28KZNHRRRC18ZT5NP, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 31/03/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	1.053,64 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido	1.053,64 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

b) Vista a relación de facturas con número 2023024654, que contén dezaseis facturas e por un importe de 36.274,19 euros e con CSV: VIVBT1T3NEHN2WOH, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 31/03/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	36.274,19 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	36.274,19 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



27.32551.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE LALÍN NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN CONCELLOS PARA A AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDITORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS 2023, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “ACTIVIDADES CONCELLO DE LALÍN 2023”.
(Expte.2023005936)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 28 de outubro de 2022, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 208 do 31 de outubro de 2022. As axudas reguladas nas bases poderán ser solicitadas polos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida ao censo do exercicio 2021.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- Este Plan de carácter anual aprobado baixo o procedemento de concorrencia non competitiva, está dotado para o programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (liña 3) con 9.500.000,00 euros con cargo a partida 23/942.9425.462.03 e para a liña 2, na que se engloba a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais etc., 3.000.000,00 euros que serán con cargo ás partidas 23/942.9425.762.46, 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 dependendo de cal sexa a tipoloxía do gasto. Ademais, dótanse as aplicacións 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 con 1.000.000,00 de euros adicionais que se repartirán exclusivamente entre os concellos que non superen os 20.000 habitantes.
- Mediante Resolución Presidencial aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial. No caso de non terse producido o pagamento das débedas correspondente, a Deputación de oficio procedera a detraer o importe da débeda do crédito do 2023.
- De acordo coa base reguladora 1ª do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), a Liña 2 está destinada a amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos



correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.

- Ante a repercusión que está tendo a incerteza ocasionada pola guerra de Ucraína nas tesourerías municipais, as bases contemplan a posibilidade que de os concellos que o desexen destinen ata o 30% da cantidade asignada na liña 1 (investimentos) para o 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (liña 2)
- En datas 30/01/2023 e 01/02/2023, con rexistros núm.WEB2023004489 e WEB2023005482, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc. (liña 2), peticións do Concello de Lalín por importes de 99.449,90 euros e 32.317,87 euros, respectivamente.
- En data 09/03/2023, con rexistro WEB2023015429, o Concello presenta unha única proposta das actuacións que pretende levar a cabo, tal e como establecen as bases reguladoras do programa.
- En data 22/03/2023, con rexistro WEB2023019827, a entidade municipal remite a proposta definitiva das actuacións que vai a realizar tras subsanar as deficiencias existentes na anterior proposta, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	131.761,77 €	131.761,77 €	0,00 €

- As actuacións que a entidade municipal pretende levar a cabo ao longo do ano 2023 son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Programa municipal de apoio municipal a mulleres vulnerables	16.317,87 €	16.317,87 €
Proxecto Xove Lalín por igual	16.000,00 €	16.000,00 €
Orgullo Lalín	29.995,90 €	29.995,90 €
Lalín marcha	67.518,00 €	67.518,00 €
Curso de monitores	1.930,00 €	1.930,00 €
TOTAL	131.761,77 €	131.761,77 €



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos e achega a documentación requirida.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2) relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Disposicións específicas do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc. (líña 2) 2023, nas que se recolle o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables, así como o prazo e lugar de presentación de solicitudes.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que, na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.
- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Líña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 23/03/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/04/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Lalín*, CIF:P3602400H, a cantidade de 131.761,77 euros, para a realización da actuación “*Actividades Concello de Lalín 2023*” (Expte.2023005936), cun orzamento polo mesmo importe.



- Autorizar e comprometer o gasto nas aplicacións 2023/942.9425.462.00 e 2023/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (líña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2), aprobadas por acordo núm.5.7876 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 28/10/2022 e publicadas no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base 6ª do capítulo III das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Lalín*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

28.32552.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOAÑA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2023) LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO DO CAMBIO DE CÉSPEDE DO CAMPO DE FÚTBOL IAGO ASPAS JUNCAL-O CASAL”. (Expte.2023005815)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).



- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.
- En data 27/01/2023 por rexistro WEB2023004226, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, petición do *Concello de Moaña* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 325.208,83 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto do cambio de céspede do campo de fútbol Iago Aspas Juncal - O Casal*”, cun orzamento que importa 325.208,83 euros, quedando configurada a súa petición tal e como reflicte a seguinte táboa:



Anualidade	Orzamento	Subvención a cargo do Plan Concellos	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
TOTAL	325.208,83	325.208,83	0,00	0,00

- Consta no expediente certificado relativo á titularidade do ben sobre o que se pretende actuar, así coma o informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial, aportando aos efectos a solicitude e a resolución das preceptivas autorizacións sectoriais.
- En data posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no relativo á dispoñibilidade dos terreos necesarios para a normal execución do investimento por estar pendente, no momento de presentación da solicitude de subvención, a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, debendo o *Concello* realizar a súa aportación, xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida, conforme ao establecido na base 12ª do Plan Concellos 2022-2023.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.



- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse suscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 15/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 23/02/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 10/04/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Moaña* CIF P3602900G a cantidade de 325.208,83 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto do cambio de céspede do campo de fútbol Iago Aspas Juncal - O Casal*”, (expediente: 2023005815) cun orzamento polo mesmo importe.
- A presente concesión queda condicionada a obtención da autorización sectorial da Consellería de Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, sendo imprescindible que o *Concello* a remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o *concello de Moaña* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao concello de Moaña, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



29.32553.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA FEDERACION GALLEGA DE LUCHA DO CONCELLO DE VIGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “CAMPIONATO AUTONÓMICO DE LOITAS OLÍMPICAS E GRAPPING” (L2) APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/09/2022. (Expte.2022026853)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor da *Federación Gallega de Lucha* con NIF: G36651081 do *Concello de Vigo*, por un importe de 322,09 euros, para “*Campionato autonómico de Loitas Olímpicas e Grapping (L2)*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº WEB2023020421 con data 23/03/2023 da citada Federación renunciando á subvención concedida por non poder xustificala, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

30.32554.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CLUB AS RODAS PATINAXE ARTÍSTICO DO CONCELLO DE VIGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “CAMPIONATO GALEGO GRUPOS SHOW JUNIOR E CUARTETOS 2022” (L2) APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/09/2022. (Expte.2022026467)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor da *Club As Rodas Patinaxe Artístico* con NIF: G36645091 do *Concello de Vigo*, por un importe de 499,79 euros, para “*Campionato galego Grupos Show Junior e Cuartetos 2022 (L2)*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº WEB2023016613 con data 15/03/2023 da citada Federación renunciando á subvención concedida por non poder xustificala, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

31.32555.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CLUB BALONCESTO O MECO DO CONCELLO DO GROVE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “2º MEMORIAL RAÚL SALGADO” (L2) APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/09/2022. (Expte.2022026789)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor *Club Baloncesto O Meco* con NIF: G36333904 do *Concello do Grove*, por un importe de 1.083,24 euros, para o “*2º Memorial Raul Salgado (L2)*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº WEB2023021808 con data 28/03/2023 da citada Federación renunciando á subvención concedida por non poder xustificala, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



32.32556.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO SOCIEDAD DEPORTIVA TEUCRO PONTEVEDRA DO CONCELLO DE PONTEVEDRA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “TORNEO BASE AZUL JUVENIL Y CADETE MASCULINO Y FEMENINO” (L2) APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/09/2022. (Expte. 2022026346)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor *Sociedad Deportiva Teucro Pontevedra* con NIF: G36041978 do *Concello de Pontevedra*, por un importe de 666,47 euros, para “*Torneo base Azul Juvenil y Cadete Masculino y Femenino (L2)*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº WEB2023016485 con data 14/03/2023 da citada Federación renunciando á subvención concedida por non poder xustificala, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

33.32557.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTE ADAPTADO DO CONCELLO DE VIGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “XXVI CAMPEONATO GALLEGO DE ATLETISMO ADAPTADO” (L2) APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/09/2022. (Expte. 2022026381)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor da *Federación Galega de Deporte Adaptado* con NIF: G27816271, do *Concello de Vigo*, por un importe de 540,28 euros, para “*XXVI Campeonato gallego de Atletismo Adaptado (L2)*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023014848 con data 07/03/2023 da citada Federación renunciando á subvención concedida por non poder xustificala, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

34.32558.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O PORRIÑO, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE PAVIMENTACIÓN EN EXPLANADA IGREXA BUDIÑO, IGREXARIO-ESTANCO E CAMIÑO PARADA CHENLO”, (Expte.2023006056)

ANTECEDENTES

- Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspóndelle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte á lexislación orzamentaria.
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto á cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.



- En data 30/01/2023 por rexistro WEB2023004516 dentro do prazo fixado na convocatoria, emendada nas datas 03/02/2023, 16/02/2023 e 08/03/2023 (núm. rexistro WEB2023006003, núm. rexistro WEB2023009013 e núm. rexistro WEB2023015244), consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello do Porriño* na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 89.667,03 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de pavimentación en explanada Igrexa Budiño, Igrexario – Estanco e camiño Parada Chenlo*”, cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidades	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	89.667,03 €	89.667,03 €	-----

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, se ben se constata que se fan precisas as autorizacións sectoriais da Confederación Hidrográfica Miño- Sil, do Servizo de Infraestruturas da Deputación Provincial de Pontevedra e da Consellería de Cultura e Turismo- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención. Asemade o Concello posterga a aprobación do proxecto á concesión dos permisos sinalados ut supra. Compre sinalar que aínda que xa foi remitida a acta de trazado previo, unha vez obtida a autorización, o Concello deberá achegala novamente, axustada a dita dispoñibilidade.
- As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 09/03/2023.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para



determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

DA XESTIÓN EN CERNES DO CICLO DA AUGA

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do



servizo de Cooperación, de data 09/03/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 10/03/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 04/04/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de O Porriño*, CIF: P3603900F, a cantidade de 89.667,03 euros con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de pavimentación en explanada Igrexa Budiño, Igrexario – Estanco e camiño Parada Chenlo*” (Exp: 2023006056) cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidades	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	89.667,03€	89.667,03 €	

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, se ben se constata que se fan precisas as autorizacións sectoriais da Confederación Hidrográfica Miño- Sil, do Servizo de Infraestruturas da Deputación Provincial de Pontevedra e da Consellería de Cultura e Turismo- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención. Asemade o Concello posterga a aprobación do proxecto á concesión dos permisos sinalados ut supra. Compre sinalar que aínda que xa foi remitida a acta de trazado previo, unha vez obtida a autorización, o Concello deberá achegala novamente, axustada a dita dispoñibilidade.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 23/942.9425.762.45 do orzamento provincial para o vixente exercicio, no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concello 2022-2023 , o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de O Porriño*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



35.32559.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

36.32560.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

